



ACTA Nº 2022/4

Sesión Ordinaria do Pleno do Concello

Sala de sesións da Casa do Concello, luns 28 de marzo de 2022

No día de hoxe, ás 20:02 horas, baixo a presidencia da alcaldesa, reúnen os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia do secretario, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión Ordinaria do Pleno da Corporación.

PRESIDE:

D.^a Mónica Rodríguez Ordóñez

ASISTEN:

PSOE

D. Víctor Manuel Muíño Ramos

D.^a María José Pose Pérez

D. Miguel Angel Pérez Méndez

D.^a Rosa Blanco Lema

D. Mario Andujar Mouzo

PP

D. Francisco M. Calzas Suárez

ADIANTE VIMIANZO

D.^a Marta Rey Lema

D.^a María Jesús Berbeira Pose

D. Francisco Javier Trillo Pazos

AUSENCIAS:

ADIANTE VIMIANZO

D. Eugenio Vidal Quintáns

D. Manuel Lorenzo Hermida

PP

D.^a Raquel Rodríguez Amigo

SECRETARIO/A:

D. Francisco Javier Novoa Juíz

INTERVENTOR/A:

D. Francisco Fernández Armada



Dna. Marta Rey Lema excusa a ausencia de D. Eugenio Vidal Quintáns por motivos persoais, D. Manuel Lorenzo Hermida por motivos laborais e D. Francisco Calzas Suárez excusa a ausencia de Dna. Raquel Rodríguez Amigo por afección de Covid 19.

A Alcaldesa-Presidenta resalta a ledicia de volver a ter o pleno presencial esperando que o próximo paso sexa facer o pleno sen mascarillas e volver á vida normal.

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que a alcaldesa, como Presidenta, declara aberta a sesión.

Procédese a tratar os asuntos incluídos na,

ORDE DO DÍA

A) Sección resolutiva

1º. Aprobación da acta da sesión ordinaria celebrada o 25 de febreiro de 2022.

B) Sección de control

2º. Dación de conta de resolucións da Alcaldía-Presidencia.

3º. Mocións de urxencia.

4º. Rogos e preguntas.

Comeza o debate e votación da orde do día.

A) Sección resolutiva

1º. Aprobación da acta da sesión ordinaria celebrada o 25 de febreiro de 2022.

En cumprimento do disposto no artigo 91.1 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, a Sra. alcaldesa pregunta se algún membro da Corporación ten que formular algunha observación á citada acta.

Ao non manifestar ningunha observación sobre a mesma, queda aprobada por unanimidade dos presentes, a acta da sesión ordinaria celebrada o 25 de febreiro de 2022.

B) Sección de control

2º. Dación de conta de resolucións da Alcaldía-Presidencia.

O Secretario da conta dos números de Resolución da Alcaldía adoptadas desde o día 23-02-2022 con número 191/2022 ata o día 23-03-2022 con número 323/2022.



O Pleno do Concello douse por enterado.

3º. Mocións de urxencia.

Non se presentan.

4º. Rogos e preguntas.

Dña. Marta Rey fai un rogo en relación co enfado que hai nos veciños afectados pola senda e ampliación de estrada en Castrelo-Padreiro xa que non tiveron información e se atopan coa expropiación que lles colle máis terreo e con retirada de muros que non se van a repoñer non cubrindo o xustiprezo a reconstrucción xa que os prezos dos bloques e da obra excede con moito do importe do mesmo.

Amáis pregunta respecto a idea de modificar o nome do mirador onde se fan os actos do 8 de marzo por mirador da igualdade.

A Alcaldesa-Presidenta contesta que é coñecedora do problema en Castrelo xa que foron veciños a queixarse polas obras da Deputación, sen prexuízo da necesidade de dita obra xa que os nenos van pola cuneta. Continúa dicindo que se puxo en contacto co estudio que xestiona as actuacións e se sentaron a corrixir temas particulares así como de prezo e de tódolos xeitos vaise comunicar de novo para solucionar o tema dos muros xa que o prezo do bloque non se axusta ó xustiprezo e hai erros respecto ás titularidades dominicais.

En relación co cambio de denominación do mirador, traslada que desde a concellalía de benestar estase a dar unha volta para ter un nome representativo destes actos da igualdade.

Non tendo máis asuntos que tratar, sendo as 20:53 horas a Alcaldesa-Presidenta levanta a sesión, e eu como Secretario do Pleno redacto esta borrador a reserva dos termos que resulten da súa aprobación, en Vimianzo.

A Alcaldesa
Mónica Ródriguez Ordóñez

O Secretario Xeral
Francisco Javier Novoa Juiz